



Con data 15 de marzo de 2020, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ditou resolución pola que se daba publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG nº 51, do 15 de marzo).

As entidades e corporacións profesionais representativas de distintas profesións sanitarias solicitaron da autoridade sanitaria que acordarse o peche dos establecementos para evitar posibles contaxios, e para non contribuír a incrementar a falta de subministración de material sanitario, necesario noutros niveis asistenciais, así como para garantir a seguridade dos pacientes e do persoal que presta servizos nos respectivos centros e establecementos profesionais; criterio que compartimos plenamente desde a Comunidade Autónoma de Galicia.

Por tal motivo, de conformidade co previsto no artigo 4.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, solicitouse formalmente ao Ministerio de Sanidade, en tanto que autoridade competente delegada, que declarase con carácter xeral o peche dos establecementos limitando a atención aos tratamentos urxentes ou inaprazables.

Por outra banda, por resolucións do 20, 23 e 26 de marzo de 2020 acordouse comunicar ao Ministerio de Sanidade as peticións formuladas polos distintos colexios e consellos profesionais, e dispúxose o peche dos centros e establecementos que de seguido se citan en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, restrinxindo a actividade unicamente ás urxencias imprescindibles e inexcusables nas situacións onde a actuación urxente destes/as profesionais sexa fundamental para a evolución dos/as pacientes.

O peche, solicitado polas respectivas organizacións profesionais, afectaba aos establecementos de Fisioterapia, Odontoloxía e Estomatoloxía, Logopedia, Podoloxía, Terapia ocupacional, Óptica e Optometría, e Próteses dentais

Tendo en conta a evolución da pandemia así como o incremento progresivo da actividade profesional en distintos sectores segundo avanza as distintas fases da desescalada, non existen neste momento razóns sanitarias que xustifiquen as limitacións acordadas no seu momento.

Por tal motivo, e no exercicio das facultades conferidas no artigo 33 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e no artigo 3 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade,

#### ACORDO

1.- Deixar sen efecto as limitacións establecidas por resolucións do 20, 23 e 26 de marzo de 2020 respecto dos establecementos de **Fisioterapia, Odontoloxía e Estomatoloxía, Logopedia, Podoloxía, Terapia ocupacional, Óptica e Optometría, e Próteses dentais.**



2.- Comunicar ao Ministerio de Sanidade, en cumprimento do disposto no artigo 4.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, a decisión adoptada respecto dos establecementos indicados.

O conselleiro de Sanidade

Jesús Vázquez Almuiña.

